



SAN XOÁN

CiberCaixa Mallos



Na noite de San Xoán podemos atopar fogueiras por toda a cidade da Coruña, especialmente nas praias de Riazor e Orzán. Alí, coruñeses e visitantes reúnen-se para celebrar o comezo do verán e ver os fogos artificiais

Data

A noite de San Xoán celébrase do 23 ao 24 de Xuño.



Lume

As fogueiras son un dos ritos característicos de esta noite. O máis común é saltar a fogueira, hai que facelo varias veces, sempre un número impar e saltando dun a outro lado. O lume de San Xoán ten virtudes purificadoras e é bo contra o mal de ollo, o «meigallo»

Auga

A tradición di que hai que saltar as ondas nove veces. En praias como Riazor e Orzán, bañarse na noite de San Xoán está prohibido por razóns de seguridade.

Herbas

As herbas de San Xoán son sete, (herba de San Xoán, fiúncho, malva, romeu, fento, herba lusa e codeso).

Unha vez recollidas as herbas e flores faise o ramo eponse nun recipiente con auga á noite e déixase toda a noite ó aire libre, pola mañá con esa auga lávase a cara para purificarse. Despois o ramo cólgase en casa e consérvase ata o seguinte San Xoán en que se queimará na fogueira e farase outro



Comida

As sardiñas son, sen dúbida, o prato estrela de San Xoán. Cómense con cachelos (patacas cocidas coa pel) ou con pan.





Le os seguintes enunciados e sinala se as afirmacións son
VERDADEIRAS (V) ou FALSAS (F).

A noite de San Xoán celébrase do 23 ao 24 de Xuño.

Os cachelos son sen dúbida, o prato estrela de San Xoán.

Hai que saltar a fogueira un número par de veces (2,4,6...)

Nas praias Riazor e Orzán bañarse na noite de San Xoán
está prohibido

As herbas de San Xoán son oito, (herba de San Xoán ,
fiúncho, malva, romeu, fento, perexil, herba luisa e
codeso)



CiberCaixa Mallos